



XUNTA  
DE GALICIA

# PLAN INTEGRAL CONTRA O ACOSO E O CIBERACOSO ESCOLAR

CONTEXTUALIZACIÓN

PRINCIPIOS

LIÑAS DE ACTUACIÓN



# Táboa de contidos

<b>1. Contextualización .....</b>	<b>3</b>
1.1 Visión .....	4
1.2 Marco normativo .....	12
<b>2. Principios .....</b>	<b>14</b>
<b>3. Liñas de actuación .....</b>	<b>17</b>
<b>4. Cronograma .....</b>	<b>26</b>
<b>5. Indicadores .....</b>	<b>29</b>
<b>6. Bibliografía .....</b>	<b>37</b>



# 1. Contextualización

## 1.1 Visión

Os centros educativos galegos caracterízanse polo seu alto grao de inclusión educativa. O sistema educativo galego valora a diversidade e esforzase por garantir a igualdade de oportunidades para todo o alumnado. Os equipos docentes son proactivos e constitúen unha peza importante para promover cambios positivos nas comunidades.

Con este *Plan Integral contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar*, a Xunta de Galicia establece como prioridade impulsar que as contornas escolares sexan seguras, inclusivas e respectuosas e que nos centros educativos o alumnado se sinta valorado e protexido.

Nun contexto de convivencia en termos xerais positivo, os esforzos da Xunta de Galicia van encamiñados a **erradicar o acoso escolar** en todas a súas formas, promovendo unha cultura de respecto, empatía e tolerancia.

Preténdese fomentar o desenvolvemento integral do alumnado, brindándolle as ferramentas necesarias para prever e afrontar o acoso escolar. O obxectivo é que cada neno, nena e adolescente se sintan seguros ao expresarse, sen temor a seren vítimas de intimidación nin de calquera outra forma de violencia.

Esta concepción implica a colaboración activa de todos os membros da comunidade educativa, incluíndo as familias, os docentes e o resto do persoal presente nos centros educativos, pero tamén a doutros axentes da sociedade que, en maior ou menor medida, teñen un contacto directo con menores, como acontece nos momentos de lecer ou no ámbito deportivo.

A pretensión da Xunta de Galicia é crear conciencia sobre o impacto negativo do acoso escolar e promover a importancia da empatía e o respecto mutuo.



Orientaranse os esforzos a procurar que o alumnado se sinta aceptado e valorado pola súa individualidade, sen importar a identidade de xénero, a raza, as crenzas, a orientación sexual ou calquera outra característica persoal. Que o alumnado creza nun ambiente que celebre a diversidade e promova a igualdade.

Nesta visión o acoso escolar non ten cabida. A Xunta de Galicia comprométese a tomar medidas firmes e efectivas para previr e abordar calquera forma de acoso que se presente no ámbito educativo. Traballarase en estreita colaboración coas familias e o persoal educativo para crear unha contorna onde primen o respecto e a seguridade.

Está probado que a **prevención** constitúe un factor clave na xestión de moitos retos no ámbito educativo. Resulta moito máis efectivo e beneficioso tratar as raíces do problema que limitarse á súa reparación ou restauración. A prevención do acoso escolar promove o benestar do alumnado, fomenta a igualdade, mellora o rendemento académico e prepara para a vida, adquirindo habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

A **detección** precoz é clave para a intervención e o freo do acoso escolar antes de que se provoque un dano maior. Debe prestarse atención aos sinais e indicios de que alguén está a ser acosado. É esencial escoitar e observar de cerca o alumnado, atendendo a cambios no seu comportamento, rendemento académico ou estado emocional. Un ambiente seguro e de confianza favorece que o alumnado se sinta cómodo compartindo as súas experiencias. Promover a comunicación aberta e establecer canles de denuncia confidenciais pode facilitar a detección e a intervención temperá.

É importante recoñecer que o acoso escolar é inaceptable, e **reaccionar** ante este feito é responsabilidade de todos. A reflexión sobre a abordaxe idónea leva a entender que a intervención debe realizarse de maneira inmediata e que tanto a vítima como a persoa acosadora precisan dun respaldo adecuado.

Brindar apoio emocional e seguridade á vítima desde o primeiro momento axuda a reducir o impacto do conflito sobre a persoa. Respecto da persoa acosadora, o obxectivo debe consistir en axudarlle a comprender o impacto das súas accións, a desenvolver a empatía e aprender estratexias alternativas de comportamento, a maiores da posta en marcha das medidas legais e disciplinarias que corresponda adoptar.

A Xunta de Galicia, consciente da necesidade de que o 100% dos **centros educativos de Galicia contén cos recursos necesarios** para poder previr, identificar e actuar en situacións de acoso e ciberacoso escolar, publica o ***Plan Integral contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar***.

Trátase dun **marco xeral** que cumprirá desenvolver para pór á disposición da comunidade educativa os mecanismos precisos para resolver calquera situación que poida alterar a convivencia nos centros educativos ou o benestar do alumnado, cun **enfoque multidisciplinar** e desde unha **perspectiva construtiva**, con actuacións concretas dirixidas a abordar e erradicar este problema.

Estas actuacións incidirán principalmente en:

FORMACIÓN DO PROFESORADO	PROTAGONISMO DAS FAMILIAS	INTERVENCIÓN CO ALUMNADO
<p>Os docentes desempeñan un papel fundamental na posta en marcha de estratexias preventivas, na detección e na xestión de conflitos que xorden na convivencia. Por tanto, este plan contará cunha liña específica de formación para dotar a nosa comunidade de <b>profesionais altamente cualificados</b> en materia de convivencia escolar.</p>	<p>É moi importante ter en conta a participación das familias nas situacións de acoso escolar e ciberacoso. <b>Fomentar a implicación das familias</b> nas accións educativas orientadas a combater esta cuestión é esencial para erradicar este problema.</p>	<p>Propostas de actividades colectivas de <b>sensibilización</b> para propiciar a identificación dos posibles escenarios de acoso escolar e ciberacoso. Favorecer contextos nos que se traballen dinámicas educativas creando contornas respectuosas e tolerantes ante calquera situación de risco.</p> <p>Unha liña central da política educativa é a de atallar con eficacia as situacións derivadas desta problemática e garantir que se respectan e protexen os dereitos do alumnado nos centros educativos.</p>

Como **plan integral** este documento pretende dous obxectivos:

- » Abordar o problema de maneira completa e holística, considerando diferentes aspectos, enfoques e dimensións.
- » Facer partícipes e responsables a todos os axentes que poidan ter relación cunha situación de acoso.

Co ánimo de conformar un enfoque global e abordar de maneira integral a situación do acoso en todas as súas formas, incorporáronse **achegas dos diferentes sectores da comunidade educativa** (docentes, equipos directivos, familias...) coa finalidade de lograr o bo funcionamento das actuacións recollidas neste plan.

Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia amosa o seu compromiso conxunto con este plan integral recollendo a implicación de diferentes **departamentos da Administración autonómica** que facilitarán unha resposta coordinada ás necesidades da comunidade educativa neste ámbito.

Neste documento intégranse as actuacións que desenvolverá a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en colaboración coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Sanidade, a Consellería de Promoción do Emprego e a Igualdade, a Consellería de Facenda e Administración Pública, e a Consellería de Política Social e Xuventude.

Os **antecedentes** para a motivación deste *Plan Integral contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar* atopámoslos no establecemento de medidas e actuacións en materia de convivencia escolar nos últimos anos. O compromiso co coidado e a mellora continua do clima de convivencia nos centros educativos é unha máxima na que se vén traballando, e fai de Galicia un claro exemplo de boa práctica.

Neste contexto, a **Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020** recolleu por primeira vez unha planificación, identificándose obxectivos no ámbito da convivencia e da igualdade e as accións para o seu desenvolvemento, creando estruturas e deseñando modelos documentais para a súa consecución.

Da experiencia do desenvolvemento desta estratexia conclúese que o acoso entre menores é unha realidade presente na sociedade actual e que na maioría das situacións é difícil de detectar.

En outubro de 2022, publicouse a nova **Estratexia de Convivencia Escolar 2025**, que fixa novos retos baixo as premisas da *non-violencia, mudar dificultades por oportunidades e respectar os dereitos das persoas*. A execución desta estratexia suporá un decidido afondamento na xestión da convivencia, incidindo no desenvolvemento integral do alumnado, na prevención, na innovación, na coeducación e na educación emocional; e incorporará aspectos de mellora nos plans de convivencia e igualdade dos centros educativos. Contribuirá, asemade, a garantir os dereitos de todo o alumnado recollidos na Convención sobre os Dereitos do neno, incidindo especialmente naquel que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa.

A aprobación dunha nova estratexia evidencia o compromiso desta Administración coa mellora e a adaptación ás necesidades cambiantes. Isto implica reformular os programas e mesmo os procedementos empregados, buscando incrementar o seu impacto e a súa efectividade.

En desenvolvemento desta estratexia, con data 4 de maio de 2023, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades elevou ao Consello da Xunta un informe sobre o inicio da tramitación do *Plan Integral contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar* como unha planificación xeral que recolla as iniciativas para construír unha convivencia de calidade e libre de conflitos.


Desde ese momento, levouse a cabo un traballo de análise e revisión do marco anterior, e mantivéronse contactos coa comunidade educativa e outros departamentos da Xunta de Galicia coa intención de conformar una postura única e coordinada de todos os chamados a intervir dunha maneira ou outra na problemática do acoso e o ciberacoso escolar.

Púxose en marcha un grupo de traballo de apoio a este labor conformado por docentes, persoal da inspección educativa e especialistas do ámbito sanitario e social.

Por outra banda, e a través do **acordo da Comisión 4<sup>a</sup>** de Educación e Cultura, na súa sesión do 29 de setembro de 2023, o Parlamento de Galicia instou a Xunta de Galicia a que dote os centros educativos de mecanismos e ferramentas que axuden á prevención, á denuncia e ao tratamento de calquera situación contraria á convivencia, con especial atención ao acoso nas aulas ou a través de medios tecnolóxicos.

Todo ese traballo e todas estas achegas teñen o seu reflexo neste documento, que se presenta como unha guía para pór en marcha durante os cursos escolares 2023/24 e 2024/25, co ánimo de ser revisada ao longo do ano 2025.

Un aspecto importante para ter en conta é o **contexto do clima de convivencia** que existe nas aulas galegas. Independentemente da valoración particular e concreta que cada centro educativo poida facer do seu propio clima escolar, en termos xerais a Administración educativa conta cunha ferramenta importante de diagnose.



Trátase da **Enquisa de Diagnose da Convivencia Escolar**, que no ano 2023 chega á súa IV edición; as anteriores realizáronse en 2015, 2019 e 2021. A principal finalidade desta enquisa é a de obter a maior información posible, tanto a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, como a nivel particular de cada centro docente. A partir da información recollida, a Administración educativa planifica as medidas necesarias para a mellora da convivencia entre todas e todos no marco dunha escola inclusiva.

Como novidade, na Enquisa de Diagnose da Convivencia Escolar 2023 inclúese un bloque específico de preguntas no ámbito da igualdade, outro relacionado coas tecnoloxías da relación, a información e a xornicación e outro coa orientación vocacional. Ademais engádese un bloque de *grooming* e *sexting* dirixido ao alumnado de educación secundaria obrigatoria e de ensino postobrigatorio. Estes dous últimos bloques inclúense para analizar a exposición do alumnado ao acoso a través de Internet e as redes sociais, e poder actuar en consecuencia.



A continuación, recóllense os datos obtidos na última edición pechada da enquisa de convivencia, e referencias doutros estudos e avaliacións de carácter internacional que ofrecen datos de Galicia:

- » Os resultados da última Enquisa de Diagnose da Convivencia Escolar, desenvolvida en 2021, reflicte que o **90% dos colectivos** consultados consideran **que non existen problemas de convivencia** nos centros ou que estes ocorren de xeito puntual. Asemade, esta enquisa pon de manifesto que para unha porcentaxe importante de alumnado as dinámicas e a relación existentes entre eles son positivas. Destaca especialmente que o 73,6% opina que lle cae ben a outros estudantes, o 69,3% aprende colaborando cos seus compañeiros e coas súas compañeiras, ou que o 68,8% do alumnado se axuda aínda que non sexan amigos/as.

Tamén é importante sinalar que, en relación coas condutas positivas, resulta significativo que máis do 80% do alumnado amosa respectar as indicacións do profesorado e adoptar comportamentos positivos, como o cumprimento das normas de convivencia, atender ás explicacións, realizar as tarefas, axudar aos compañeiros, etc.

- » A análise do último estudo HBSC 2018 (*Health Behaviour in School-aged Children*) reflicte que o **90,3% da mocidade galega** non participou nos últimos dous meses nun episodio de maltrato a ningún compañeiro ou compañeira, fronte a un 81,3% no ano 2006.

A pesar de que os **datos extraídos dos informes** realizados para avaliar as situacións de acoso escolar nas diferentes comunidades autónomas **son sistematicamente mellores que os doutras comunidades autónomas e doutros países da Unión Europea**, a erradicación de todas as formas de acoso segue a ser unha prioridade.

A situación dos centros educativos galegos nesta cuestión non alcanza a intensidade doutras comunidades autónomas debido ás medidas xa adoptadas en prol da mellora da convivencia e do benestar emocional, pero a crecente preocupación na comunidade educativa e na sociedade fai que deamos un paso máis e deseñemos un plan específico destinado a abordar o acoso desde unha perspectiva integral e que responda ás novas formas de conflitividade entre iguais tras a pandemia.

O crecemento da dixitalización nos últimos anos e a facilidade de acceso a medios tecnolóxicos, provocou que hoxe en día o uso de internet e redes sociais sexa practicamente universal. A vida social da xente nova caracterízase polo constante intercambio de mensaxes e a visualización e publicación de contido en redes sociais. Así mesmo, o uso destes medios non deixa de estar vinculado ás actitudes propias da infancia e da adolescencia: desexo de pertenza a un grupo e imitación, falta de perspectiva crítica, subestimación da importancia da seguridade, baixa comunicación coas persoas adultas, desexo de conseguir perfís dixitais destacados e falta de conciencia sobre a privacidade propia e allea, entre outras.

Esta realidade propicia que determinados comportamentos e actitudes traspasen o espazo educativo e se produzan situacións de **ciberacoso**. Nalgúns casos, o ciberacoso resulta especialmente grave porque pode ter consecuencias emocionais e psicolóxicas para as vítimas.

Algunhas das características que definen a gravidade das situacións de ciberacoso son:

- » **Anonimato:** nalgunhas ocasións, as persoas acosadoras poden ocultar a súa identidade en liña, o que lles confire certa sensación de impunidade e lles permite acosar as vítimas sen seren identificadas.
- » **Alcance masivo:** o ciberacoso pode chegar a un público amplo en pouco tempo. As mensaxes, imaxes ou gravacións humillantes poden ser compartidas e difundidas rapidamente, causando un gran dano á reputación e autoestima da vítima.
- » **Permanencia:** unha vez que se publica algo en liña, é difícil de eliminar por completo. Incluso se se borra o contido orixinal, é posible que fose capturado ou compartido por outros, o que prolonga o impacto emocional na vítima.
- » **Dificultade para escapar:** a diferenza do acoso tradicional, o ciberacoso pode seguir a vítima en calquera momento e lugar. As redes sociais e os dispositivos móbiles fan que sexa difícil desconectarse por completo.

En consecuencia, a sociedade actual, tan cambiante despois da pandemia, esixe unha planificación que se adapte a eses cambios. Hai que ter en conta que os centros educativos, como espazos de socialización, desempeñan un papel significativo respecto á loita contra o acoso escolar, sendo unha das súas funcións a de pór en marcha todos os mecanismos necesarios para previr e erradicar todo tipo de condutas violentas. Con todo, é unha responsabilidade compartida, xa que non soamente se dan estas situacións no ámbito escolar. As familias teñen un cometido fundamental na prevención e detección de calquera forma de violencia que poida xurdir na infancia e na adolescencia.

O **Plan Integral contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar**, que ten como meta a **“tolerancia cero ante calquera forma de violencia e discriminación nos centros educativos”**, está estruturado en cinco eixes:

1. **Prevención** das situacións de acoso e ciberacoso escolar.  
.....
2. **Dotación á comunidade educativa de estratexias e recursos** de abordaxe das situacións de acoso e ciberacoso escolar.  
.....

3. **Impulso dunha formación especializada e específica para o profesorado** que lle achegue os coñecementos e as ferramentas necesarias para o seu desenvolvemento profesional.  
.....
4. **Identificación e afrontamento** da intervención de xeito global e coordinado, para lograr unha solución axeitada e eficaz.  
.....
5. **Desenvolvemento e seguimento** do plan integral contra o acoso e ciberacoso escolar.

A partir destes eixes defínense as actuacións para desenvolver sobre:

- **o alumnado.**
- **o profesorado.**
- **os centros educativos.**
- **as familias.**

## 1.2 Marco normativo

As referencias normativas internacionais, nacionais e autonómicas que se tiveron en conta para a elaboración e o desenvolvemento deste plan integral son, principalmente, as seguintes:

### Eido internacional

- » **Convención dos dereitos do neno**, que recolle no seu artigo 2.2 que se tomarán as medidas axeitadas para que os nenos sexan protexidos contra toda forma de discriminación ou castigo por causa da condición, actividades, opcións ou crenzas, tanto de si mesmo como da súa familia ou dos seus titores.

### Eido nacional

- » **Real Decreto 3/2018, do 12 de xaneiro**, polo que se modifica o Real Decreto 275/2007, do 23 de febreiro, e se crea o observatorio estatal de convivencia escolar. Este órgano créase coa finalidade de asesorar sobre situacións referidas ao desenvolvemento da convivencia escolar, a elaboración de informes e estudos para facer un diagnóstico en materia de convivencia e propor medidas de actuación que faciliten o clima escolar e as dinámicas de convivencia positivas.
- » **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 124, no que se determina que as administracións educativas regularán os protocolos de actuación fronte aos indicios de acoso escolar ou ciberacoso.
- » **Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño**, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, que indica ás administracións educativas a obriga de regular protocolos de actuación contra o abuso e o maltrato, así como ante o acoso escolar, ciberacoso, acoso sexual, etc. Tamén indica que eses protocolos deberán ser aplicados en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade.

Nesta normativa inclúese así mesmo a creación da figura do/da coordinador/a de benestar e protección do alumnado, que cada administración deberá desenvolver, determinando requisitos e funcións desta figura e delimitando, polo menos, unha serie de funcións contidas na devandita lei.

### Eido autonómico

- » **Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.**

- » **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a **Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa**.

A normativa anterior estableceu na comunidade autónoma de Galicia os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia dos centros, onde se determinan medidas para a prevención, a detección e o tratamento do acoso escolar.

- » **Orde do 31 de maio de 2023** pola que se renova a composición do Consello para a Convivencia Escolar na Comunidade Autónoma de Galicia. Este órgano ten un carácter consultivo e de apoio á toda comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- » **Orde do 23 de agosto de 2023** pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.



## 2. Principios

O *Plan Integral contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar* fundaméntase nos seguintes conceptos inherentes a todas as medidas e actuacións desenvolvidas no seu marco:

## Prevenición

É un dos factores máis poderosos para a loita contra o acoso e o ciberacoso escolar. O éxito da prevención está asociado ao establecemento de medidas, desde as idades máis temperás, que contribúan a unha maior sensibilización, concienciación e comunicación.



O traballo de prevención esixe o compromiso de todas as persoas vinculadas á comunidade educativa co obxectivo de anticiparse á aparición das diferentes formas de acoso escolar.

## Compromiso

A execución das medidas incluídas no presente plan require a actuación coordinada e a achega de recursos dependentes de diferentes departamentos da Administración. Así, as actuacións das diversas consellerías desenvolveranse en virtude do compromiso adquirido na loita contra o acoso e o ciberacoso escolar.

## Centro educativo como espazo seguro e de confianza

O papel que desempeña o centro educativo é crucial para garantir o benestar emocional dos estudantes, promover o seu éxito académico, desenvolver habilidades sociais, crear un clima escolar positivo e fomentar valores fundamentais. Resulta imprescindible, polo tanto, contar cunha contorna de confianza e comprensiva na que os estudantes se sintan protexidos no conxunto da súa diversidade e poidan desenvolver con éxito o seu proceso de aprendizaxe.

## Intervención

É necesario responder con prontitude e firmeza ante calquera situación incompatible coa convivencia e o bo clima escolar para garantir a seguridade e o benestar de todo o alumnado. En determinadas ocasións, faise inevitable unha intervención proactiva para facer fronte a comportamentos que deben ser eliminados.

## Implicación das familias

As familias desempeñan un papel fundamental para a prevención do acoso e ciberacoso escolar. Neste *Plan Integral contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar* cobra unha especial relevancia a súa contribución para a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

Una estreita colaboración entre as familias e os centros educativos incide positivamente nas actitudes do alumnado, mellorando o clima de convivencia e, por tanto, o rendemento escolar.





### **3. Liñas de actuación**

Deseguido, especificanse as liñas de impacto que desenvolverán os eixes deste plan para actuar no ámbito educativo, familiar e social.



#### Eixe 1. Prevención das situacións de acoso e ciberacoso escolar

- » **L.1.** Promoción da sensibilización e concienciación a toda a comunidade educativa e da sociedade en xeral sobre a necesidade de loitar contra o acoso e o ciberacoso escolar
- » **L.2.** Impulso da participación sistemática das familias



#### Eixe 2. Dotación á comunidade educativa de estratexias e recursos de abordaxe das situacións de acoso e ciberacoso escolar

- » **L.3.** Deseño e desenvolvemento de iniciativas que contribúan a pór freo a estas situacións nos centros educativos



#### Eixe 3. Impulso dunha formación especializada e específica para o profesorado que lle achegue os coñecementos e as ferramentas necesarias para o seu desenvolvemento profesional

- » **L.4.** Formación do profesorado para lograr un perfil docente que contribúa a identificar e abordar o acoso e o ciberacoso escolar



#### Eixe 4. Identificación e afrontamento da intervención de xeito global e coordinado para lograr unha solución axeitada e eficaz

- » **L.5.** Aplicación eficaz e rigorosa dos procedementos
- » **L.6.** Coordinación das medidas para desenvolver no ámbito educativo polos axentes con participación activa



#### Eixe 5. Desenvolvemento e seguimento do plan integral contra o acoso e o ciberacoso escolar.

- » **L.7.** Cronograma e avaliación do plan



## Eixe 1. Prevención das situacións de acoso e ciberacoso escolar

### L.1. Promoción da sensibilización e concienciación a toda a comunidade educativa e da sociedade en xeral sobre a necesidade de loitar contra o acoso e o ciberacoso escolar

Mellorar a sensibilización é unha medida determinante para previr e abordar o acoso, xa que facilita a creación dunha cultura que promova o respecto, a empatía e o bo trato. A actuación para a eliminar toda forma de acoso escolar é un esforzo continuo que require da colaboración do alumnado, persoal docente, non docente, familias e institucións. É preciso levar a cabo unha comunicación axeitada da información, a través de medios que favorezan un máximo alcance á comunidade educativa e á sociedade en xeral.

A este respecto, a realidade actual dos medios de comunicación ofrece novas plataformas e oportunidades que resultan determinantes para manter unha interacción máis próxima e trasladar unha mensaxe sensibilizadora a toda a comunidade educativa. En particular, as redes sociais, entre outros medios, son clave para atraer cada vez máis a atención dunha gran variedade de cidadáns, non só das persoas máis novas, o que permite visualizar unha problemática que afecta ao conxunto da comunidade educativa.

#### **Obxectivo:** pór en marcha unha campaña informativa con diferentes iniciativas sobre a problemática do acoso e o ciberacoso escolar

- Deseño e difusión dun vídeo publicitario nos medios de comunicación.
- Posta en marcha de pímulas informativas nas redes sociais.
- Realización de cartelaría informativa para a súa distribución nos centros educativos e nos centros xuvenís (Espazos Xoves).
- Promoción do teatro como ferramenta pedagóxica de reflexión sobre o acoso e o ciberacoso escolar.

### L.2. Impulso da participación sistemática das familias

As familias desempeñan un papel clave na prevención e reposta ao acoso e ao ciberacoso escolar, e a súa implicación resulta fundamental para resolver os posibles conflitos de xeito favorable. Por este motivo, é necesario propiciar liñas de comunicación entre as familias e a escola para atender de maneira conxunta.

Por iso, considérase prioritario promover a formación, a reflexión e o diálogo entre as administracións, os centros educativos e as familias, co apoio das asociacións de nais e pais, así como doutros centros e institucións locais.

**Obxectivo 1: crear un espazo de información, formación e reflexión para as familias**

- Establecemento dunha liña formativa para as asociacións de nais e pais desenvolvida por profesionais da Consellería de Sanidade.
- Implementación de obradoiros en centros educativos enfocados ás familias, deseñados desde a Consellería de Política Social e Xuventude a través do Servizo Quérote+ .
- Realización de obradoiros para as familias en concellos e asociacións por parte da Consellería de Política Social e Xuventude a través do Servizo Quérote+.
- Impulso da formación as escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

**Obxectivo 2: asegurar a participación fluída das familias establecendo canles de comunicación**

- Creación dunha canle dixital para as familias que inclúa información, contidos formativos e materiais que axude á detección temperá das situacións de acoso e ciberacoso escolar.
- Potenciación do papel das ANPAS nos organismos nos que teñen representación.
- Difusión da información relacionada con este plan por parte das principais confederacións galegas de nais e pais aos seus asociados.



**Eixe 2. Dotación á comunidade educativa de estratexias e recursos de abordaxe das situacións de acoso e ciberacoso escolar**

**L.3. Deseño e desenvolvemento de iniciativas que contribúan a pór freo a estas situacións nos centros educativos**

A posta en marcha de iniciativas que traballen os elementos inherentes ás situacións de conflito nas escolas é unha das finalidades contempladas neste plan. Entre outras, óptase polo deseño e a execución de propostas educativas que promovan a participación do alumnado desde as idades máis temperás para mellorar as relacións interpersonais, a empatía e a solidariedade.

Un dos aspectos que máis influíu nas relacións entre as persoas son os chamados “ciberhábitos”, que teñen un peso importante na vida social da mocidade. As redes sociais conforman un amplo abano de posibilidades para conectarse, comunicarse e compartir contido. Para que o alumnado faga un uso responsable do potencial de internet é preciso dotalo da formación e das ferramentas necesarias para ser quen de identificar e prever situacións de risco.

Internet tamén ofrece moitas oportunidades positivas para a aprendizaxe e a creatividade, pero isto implica guiar os menores para aproveitar estas posibilidades educativas de maneira construtiva.

**Obxectivo 1: fomentar a empatía, o respecto mutuo e a aceptación da diversidade na comunidade educativa**

- Programa *Harmonía* para fomentar a educación na diversidade, para a prevención da aparición do racismo e a xenofobia.
- Intervención específica con mozos e mozas en risco de exclusión social e expostos a diferentes tipos de violencia, fundamentalmente a mocidade residente en centros de menores; actuación desenvolvida pola Consellería de Emprego e Igualdade.
- Realización dunha actuación integral con menores de idade que teñen imposta unha medida xudicial, por ter cometido un delito con violencia; actuación desenvolvida pola Consellería de Emprego e Igualdade.
- Potenciación da implementación de programas de habilidades sociais e titorías entre iguais nos centros educativos.

**Obxectivo 2: promover a participación do alumnado en programas que estimulen a súa implicación no respecto aos dereitos humanos individuais e sociais**

- Creación do premio *Tolerancia cero fronte ao acoso* dirixido ao alumnado de primaria e secundaria comprometido coa loita contra o acoso e o ciberacoso escolar e co coidado e acompañamento das vítimas.
- Programa *Ollamos* con propostas de actividades dirixidas a todo o alumnado, co obxectivo de favorecer a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades básicas para ser quen de afrontar situacións de acoso e ciberacoso escolar, isto é, de identificalas e saber actuar para transmitir unha alerta e solicitar axuda.
- Impulso dos *contratos-programa* que promovan que os centros educativos desenvolvan plans que inclúan actuacións contra calquera tipo de acoso e promovan a mellora do clima escolar.
- Fomento da participación dos centros educativos nas liñas do *Plan Proxecta* relacionadas coa temática do acoso e o ciberacoso escolar.
- Impulso de novas liñas de colaboración específicas no ámbito do acoso e o ciberacoso escolar, no marco do *Plan Proxecta*.
- Promoción de programas de alumnado axudante a través da creación de redes de apoio nos centros educativos
- Reforzo da competencia básica do alumnado no uso seguro e responsable de internet, así como o coñecemento dos riscos asociados ao ciberacoso a través de programas como *Pegada Dixital*, *Navega con Rumbo*, *CiberLiga modalidade preameateur*, e *Plan Director*, entre outros.

**Obxectivo 3: favorecer dinámicas áxiles e accesibles para a comunicación de posibles situacións de acoso e ciberacoso escolar**

- Os centros educativos contarán cun equipo de actuación contra o acoso escolar, no que participarán varios membros, entre eles, o coordinador/a de benestar emocional e convivencia.

- Posta en marcha do Punto laranxa contra o Acoso Escolar en todos os centros educativos sostidos con fondos públicos, así como en todos os centros xuvenís e residenciais. Trátase dun punto físico de denuncia accesible a calquera persoa, con información necesaria.
- Deseño do Punto Laranxa contra o Acoso Escolar virtual, que todos os centros educativos sostidos con fondos públicos deberán incorporar á súa páxina web co mesmo obxectivo que o punto físico.
- Creación de puntos xuvenís de información de carácter itinerante.
- Potenciación da implementación de programas de habilidades sociais e titorías entre iguais nos centros educativos.

#### **Obxectivo 4: proporcionar á comunidade educativa materiais de apoio e recursos para atallar as situacións de acoso e ciberacoso escolar**

- Creación dunha sección no espazo web de convivencia na que se manterá actualizada unha recompilación de materiais e recursos de interese neste ámbito.
- Elaboración de guías de lectura de literatura infantil e xuvenil nas que se traten temas relacionados co acoso e o ciberacoso escolar.
- Deseño e elaboración dunha guía de recomendacións para o uso seguro e responsable de internet.



### **Eixe 3. Impulso dunha formación especializada e específica para o profesorado que lle achegue os coñecementos e as ferramentas necesarias para o seu desenvolvemento profesional**

#### **L.4. Formación do profesorado para lograr un perfil docente que contribúa a identificar e abordar o acoso e o ciberacoso escolar**

Para facer fronte aos retos actuais do ensino, entre eles o acoso e o ciberacoso escolar, o profesorado precisa incrementar e actualizar as súas competencias profesionais, así como dotarse de habilidades e recursos para intervir eficazmente nunha realidade escolar complexa. A formación debe servir para o deseño de estratexias de cara á detección temperá do acoso, que permitan elaborar ferramentas de traballo nos centros educativos e facilitar a intervención no caso de resultar necesario.

Por iso, os profesionais da educación deberán estar capacitados para identificar situacións de acoso e ciberacoso escolar, poder intervir apoiando as vítimas, e atender as posibles persoas acosadoras e as observadoras.

Esta formación específica, en colaboración con outros profesionais dos sectores sanitario e social, dotaraos das ferramentas necesarias para contribuíren efectivamente na mellora do clima escolar.

**Obxectivo: fortalecer a adquisición de ferramentas para previr o acoso escolar nas aulas e nas contornas escolares**

- Reforzo das actividades de formación do profesorado neste ámbito no marco do Plan Anual de Formación do Profesorado.
- Oferta de formación especializada aos docentes no asesoramento e na atención ás vítimas por parte da Administración de xustiza.
- Acceso a profesionais especializados neste ámbito no eido xudicial e dispoñibilidade de material formativo en relación coa erradicación da violencia sobre menores e adolescentes.
- Formación específica aos integrantes do equipo de actuación contra o acoso escolar constituído nos centros educativos ao abeiro do novo protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e ciberacoso escolar. Esta formación estará orientada á tramitación do procedemento incluído neste protocolo: xestión das denuncias, reunións coas persoas implicadas, investigación dos feitos, así como calquera outra que se recolla.
- Formación específica para equipos directivos e inspección educativa no ámbito da súa actuación, en casos de acoso e ciberacoso escolar.
- Formación específica para os coordinadores e as coordinadoras de benestar emocional, para a mellora no desenvolvemento das súas funcións.
- Formación específica para o exercicio da función titorial dos centros educativos ofrecida a través do Plan Anual de Formación do profesorado.

#### L.5. Aplicación eficaz e rigorosa dos procedementos

Galicia leva máis dunha década impulsando medidas para garantir unha boa convivencia escolar. A existencia dun marco normativo neste ámbito proporciona á comunidade educativa a seguridade e o compromiso coa prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces, proporciona o recoñecemento ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como a protección xurídica adecuada ás súas funcións, e a corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, que se concibe como un dos principais deberes que a aqueles lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos e fillas.

Os procedementos normativos inclúen protocolos para xestionar situacións conflitivas. Ao seguiilos rigorosamente, minimízase a posibilidade de que ocorran problemas graves, xa que establecen os mecanismos para abordalos se se presentan.

De aí derívase a importancia dunha aplicación estrita e oportuna da normativa e dos procedementos emanados dela co obxecto de ofrecer unha resposta axeitada ás diferentes situacións de conflito entre o alumando e así lograr un clima de convivencia óptimo nos centros educativos galegos.

**Obxectivo: revisar e actualizar a normativa vixente co fin de conseguir una convivencia positiva nos centros educativos, no ámbito da tolerancia cero a todo tipo de acoso**

- Publicación do novo protocolo de acoso e ciberacoso escolar que facilite aos centros educativos un procedemento práctico e accesible para detectar e intervir inmediatamente tras o coñecemento dunha posible situación de acoso ou ciberacoso escolar.
- Elaboración de instrucións dirixidas aos centros educativos relacionadas co desenvolvemento do protocolo.

#### **L.6. Coordinación das medidas para desenvolver no ámbito educativo polos axentes con participación activa**

A adecuada organización dos espazos de intervención e axuda é unha cuestión importante que convén ter en conta para canalizar de xeito significativo as medidas que cumpra adoptar. Así, resulta conveniente ampliar os horizontes do eido educativo para estreitar vínculos cos sistemas social e sanitario, facilitando unha resposta conxunta e consensuada que permita impulsar as accións recollidas neste plan. A creación de equipos especializados permitirá efectuar un seguimento preciso tanto na intervención como na resolución dos conflitos escolares motivados por unha situación de acoso ou ciberacoso.

Neste punto é crucial promover un labor de difusión dos diferentes tipos de asistencia e acompañamento administrativo, xurídico, social, psicolóxico e sanitario para facilitarlles ás persoas menores de idade que se atopan involucradas nunha situación de acoso ou ciberacoso escolar todo o apoio e a protección que necesitan.

**Obxectivo 1: fomentar activamente a interacción cos sistemas que colaboran na erradicación de calquera forma de acoso**

- Creación dunha comisión de seguimento institucional para o impulso das accións recollidas neste plan.
- Reforzo dos espazos compartidos de intervención entre o sistema educativo, o sistema sanitario e o social para posibilitar unha resposta efectiva ante posibles situacións de conflito.

**Obxectivo 2: facilitar unha actuación coordinada entre as administracións para garantir que as vítimas reciban o apoio e a protección que precisen**

- Difusión e asesoramento sobre a asistencia xurídica gratuíta nos procedementos que se sigan por violencia contra menores de idade, incluíndo a posibilidade de acompañamento letrado inicial na práctica das primeiras dilixencias ás persoas menores de idade vítimas de situacións de violencia.
- Oficina de atención ás vítimas como ferramenta fundamental de apoio ás vítimas na prestación de asistencia social e psicolóxica. Están dotadas de persoal especializado, como psicólogos/as e traballadores/as sociais.
- Definición do proceso asistencial para a atención á saúde mental dos nenos e das nenas vítimas de acoso escolar. Garantirase que os menores que fosen identificados dentro dos protocolos dos servizos de educación reciban unha atención preferente en saúde mental infanto-xuvenil, tanto no que se refire tanto ao proceso diagnóstico como á intervención terapéutica ou o tratamento.



- Intervencións de carácter psicoeducativo dirixidas a persoas acosadoras, encamiñadas á modificación da conduta e a restitución das vítimas.
- Promoción do servizo de asesoramento xurídico e orientación gratuíto para as vítimas de situacións de violencia.
- Deseño de actividades de formación específica para persoal non docente que formen parte da comunidade educativa.

#### L.7. Avaliación e seguimento das medidas do *Plan Integral contra o Acoso e Ciberacoso Escolar*

Un apartado importante nos plans é a comprobación de que a súa implementación obtivese o éxito esperado. Polo tanto, é necesario incorporar unha liña de actuación destinada a valorar se as medidas postas en marcha dentro do *Plan Integral contra o Acoso e Ciberacoso Escolar* tiveron o impacto desexado cando foron deseñadas.

O control e o seguimento dos obxectivos e das actuacións propostas para acadalos permitirá analizar os resultados e revisar e reformular as partes do plan que sexa preciso.

##### **Obxectivo 1: revisar a efectividade dos obxectivos e as actuacións**

- Realización dunha comparativa dos datos do Informe de Diagnose da Convivencia Escolar 2023 e 2025.
- Deseño dunha ferramenta que permita a detección de situacións de acoso e ciberacoso escolar nos centros educativos.

##### **Obxectivo 2: deseñar propostas de mellora**

- Análise dos resultados obtidos despois da avaliación do plan, e implementación de novas iniciativas.



## 4. Cronograma

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	CURSO
<b>Liña 1</b>  Promoción da sensibilización e concienciación a toda a comunidade educativa e da sociedade en xeral sobre a necesidade de loitar contra o acoso e o ciberacoso escolar	<b>Obxectivo</b>  <i>Pór en marcha unha campaña informativa con diferentes iniciativas sobre a problemática do acoso e o ciberacoso escolar</i>	Curso 2023/24
<b>Liña 2</b>  Impulso da participación sistemática das familias	<b>Obxectivo 1</b>  <i>Crear un espazo de información, formación e reflexión para as familias</i>	Curso 2023/24
	<b>Obxectivo 2</b>  <i>Asegurar a participación fluída das familias establecendo canles de comunicación</i>	Curso 2024/25
<b>Liña 3</b>  Deseño e desenvolvemento de iniciativas que contribúan a pór freo a estas situacións nos centros educativos	<b>Obxectivo 1</b>  <i>Fomentar a empatía, o respecto mutuo e a aceptación da diversidade na comunidade educativa</i>	Curso 2023/24
	<b>Obxectivo 2</b>  <i>Promover a participación do alumnado en programas que estimulen a súa implicación no respecto aos dereitos humanos individuais e sociais</i>	
	<b>Obxectivo 3</b>  <i>Favorecer dinámicas áxiles e accesibles para a comunicación de posibles situacións de acoso e ciberacoso escolar</i>	Curso 2024/25
	<b>Obxectivo 4</b>  <i>Proporcionar á comunidade educativa materiais de apoio e recursos para atallar as situacións de acoso e ciberacoso escolar</i>	

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	CURSO
<b>Liña 4</b>  Formación do profesorado para lograr un perfil docente que contribúa a identificar e abordar o acoso e ciberacoso escolar	<b>Obxectivo</b>  <i>Fortalecer a adquisición de ferramentas para previr o acoso escolar nas aulas e nas contornas escolares</i>	Curso 2023/24  Curso 2024/25
<b>Liña 5</b>  Aplicación eficaz e rigorosa dos procedementos	<b>Obxectivo</b>  <i>Revisar e actualizar a normativa vixente co fin de conseguir una convivencia positiva nos centros educativos, no ámbito da tolerancia cero a todo tipo de acoso</i>	
<b>Liña 6</b>  Coordinación das medidas para desenvolver no ámbito educativo polos axentes con participación activa	<b>Obxectivo 1</b>  <i>Fomentar activamente a interacción cos sistemas que colaboran na erradicación de calquera forma de acoso</i>	Curso 2024/25
	<b>Obxectivo 2</b>  <i>Facilitar unha actuación coordinada entre as diferentes administracións para garantir que as vítimas reciban o apoio e a protección que precisen</i>	Curso 2023/24  Curso 2024/25
<b>Liña 7</b>  Avaliación e seguimento das medidas do plan	<b>Obxectivo 1</b>  <i>Revisar a efectividade dos obxectivos e as actuacións</i>	Curso 2023/24  Curso 2024/25
	<b>Obxectivo 2</b>  Diseñar propostas de mellora	Curso 2024/25



## 5. Indicadores

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	ACCIÓNS	INDICADORES
<b>Liña 1</b>  Promoción da sensibilización e concienciación a toda a comunidade educativa e da sociedade en xeral sobre a necesidade de loitar contra o acoso e o ciberacoso escolar	<b>Obxectivo</b>  <i>Pór en marcha unha campaña informativa con diferentes iniciativas sobre a problemática do acoso e o ciberacoso escolar</i>	<b>1.</b> Deseño e difusión dun vídeo publicitario nos medios de comunicación	Deseño do vídeo: SI/NON Difusión do vídeo: SI/NON Ligazón de acceso:
		<b>2.</b> Posta en marcha de píululas informativas nas redes sociais	Posta en marcha das píululas: SI/NON Número de píululas: Ligazóns de acceso:
		<b>3.</b> Realización de cartelaría informativa para a súa distribución nos centros educativos e nos centros xuvenís (Espazos Xoves)	Realización da cartelaría: SI/NON Número de carteis: Distribución nos centros educativos: SI/NON Distribución nos centros xuvenís: SI/NON
		<b>4.</b> Promoción do teatro como ferramenta pedagóxica de reflexión sobre o acoso e o ciberacoso escolar	Promoción do teatro: SI/NON Número de acción
<b>Liña 2</b>  Impulso da participación sistemática das familias	<b>Obxectivo 1</b>  <i>Crear un espazo de información, formación e reflexión para as familias</i>	<b>1.</b> Establecemento dunha liña formativa para as asociacións de nais e pais desenvolvida por profesionais da Consellería de Sanidade	Establecemento da liña formativa: SI/NON Número de formacións: Número de asociacións participantes: Número de nais participantes: Número de pais participantes:
		<b>2.</b> Implementación de obradoiros en centros educativos enfocados ás familias, deseñados desde a Consellería de Política Social e Xuventude a través do Servizo Quérote+	Implementación destes obradoiros para familias en centros educativos: SI/NON Número de obradoiros: Número de familias participantes:
		<b>3.</b> Realización de obradoiros para as familias en concellos e asociacións por parte da Consellería de Política Social e Xuventude a través do Servizo Quérote+	Realización destes obradoiros para familias en concellos e asociacións: SI/NON Número de obradoiros: Número de nais participantes: Número de pais participantes:
		<b>4.</b> Impulso da formación ás escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa	Impulso da formación ás escolas de nais e pais: SI/NON Número de formacións: Número de ENAPA participantes: Número de nais participantes: Número de pais participantes:

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	ACCIÓNS	INDICADORES
<b>Liña 2</b>  Impulso da participación sistemática das familias	<b>Obxectivo 2</b>  <i>Asegurar a participación fluída das familias establecendo canles de comunicación</i>	<b>1.</b> Creación dunha canle dixital para as familias que inclúa información, contidos formativos e materiais, que axude á detección temperá das situacións de acoso e ciberacoso escolar	Creación desta canle para as familias: SI/NON Ligazón de acceso:
		<b>2.</b> Potenciación do papel das ANPA nos organismos nos que teñen representación	Potenciación do papel das ANPA: SI/NON Número de accións:
		<b>3.</b> Difusión da información relacionada con este plan por parte das principais confederacións galegas de nais e pais aos seus asociados	Difusión por parte das confederacións: SI/NON Canles de difusión:
<b>Liña 3</b>  Deseño e desenvolvemento de iniciativas que contribúan a pór freo a estas situacións nos centros educativos	<b>Obxectivo 1</b>  <i>Fomentar a empatía, o respecto mutuo e a aceptación da diversidade na comunidade educativa</i>	<b>1.</b> Programa <i>Harmonía</i> para fomentar a educación na diversidade para a prevención da aparición do racismo e a xenofobia	Posta en marcha do programa: SI/NON Número de centros participantes:
		<b>2.</b> Intervención específica con mozos e mozas en risco de exclusión social e expostos a diferentes tipos de violencia, fundamentalmente a mocidade residente en centros de menores; actuación desenvolvida pola Consellería de Emprego e Igualdade	Intervención específica realizada: SI/NON Número de actuacións:
		<b>3.</b> Realización dunha actuación integral con menores de idade que teñen imposta unha medida xudicial, por ter cometido un delito con violencia; actuación desenvolvida pola Consellería de Emprego e Igualdade	Realización de actuacións integrais: SI/NON Número de actuacións:
		<b>4.</b> Potenciar a implementación de programas de habilidades sociais e titorías entre iguais nos centros educativos	Potenciación da implementación destes programas: SI/NON Número de programas: Número de centros educativos:

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	ACCIÓNS	INDICADORES
<b>Liña 3</b>  Deseño e desenvolvemento de iniciativas que contribúan a pór freo a estas situacións nos centros educativos	<b>Obxectivo 2</b>  <i>Promover a participación do alumnado en programas que estimulen a súa implicación no respecto aos dereitos humanos individuais e sociais</i>	<b>1.</b> Creación do premio <i>Tolerancia cero fronte ao acoso</i> dirixido ao alumnado de primaria e secundaria comprometido coa loita contra o acoso e o ciberacoso escolar e co coidado e acompañamento das vítimas	Creación do premio: SI/NON Número de centros participantes:
		<b>2.</b> Programa <i>Ollamos</i> con propostas de actividades dirixidas a todo o alumnado, co obxectivo de favorecer a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades básicas para ser quen de afrontar situacións de acoso e ciberacoso escolar, isto é, de identificalas e saber actuar para transmitir unha alerta e solicitar axuda	Posta en marcha do programa: SI/NON Número de centros participantes:
		<b>3.</b> Impulso dos <i>contratos-programa</i> que promovan que os centros educativos desenvolvan plans que inclúan actuacións contra calquera tipo de acoso e promovan a mellora do clima escolar	Impulso destes contratos-programa: SI/NON Número de actuacións: Número de centros participantes:
		<b>4.</b> Fomento da participación dos centros educativos nas liñas do <i>Plan Proxecta</i> relacionadas coa temática do acoso e ciberacoso escolar	Fomento desta participación: Número de centros participantes:
		<b>5.</b> Impulso de novas liñas de colaboración específicas no ámbito do acoso e ciberacoso escolar no marco do <i>Plan Proxecta</i>	Novas liñas de colaboración: SI/NON Número de novas liñas: Número de centros participantes:
		<b>6.</b> Promoción de programas de alumnado axudante a través da creación de redes de apoio nos centros educativos	Promoción destes programas: SI/NON Creación de redes de apoio: SI/NON Número de centros participantes:
		<b>7.</b> Reforzo da competencia básica do alumnado no uso seguro e responsable de internet, así como o coñecemento dos riscos asociados ao ciberacoso a través de programas como <i>Pegada Dixital</i> , <i>Navega con Rumbo</i> , <i>CiberLiga</i> modalidade <i>preameateur</i> , e <i>Plan Director</i> , entre outros	Reforzo desta competencia: SI/NON Número de accións:



LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	ACCIÓNS	INDICADORES
<b>Liña 3</b>  Deseño e desenvolvemento de iniciativas que contribúan a pór freo a estas situacións nos centros educativos	<b>Obxectivo 3</b>  <i>Favorecer dinámicas áxiles e accesibles para a comunicación de posibles situacións de acoso e ciberacoso escolar</i>	<b>1.</b> Os centros educativos contarán cun <i>Equipo de Actuación contra o Acoso Escolar</i> , no que participarán varios membros, entre eles, o/a coordinador/a de benestar emocional e convivencia	Creación do equipo ACAE nos centros: SI/NON
		<b>2.</b> Posta en marcha do <i>Punto laranxa contra o Acoso Escolar</i> en todos os centros educativos sostidos con fondos públicos, así como en todos os centros xuvenís e residenciais. Trátase dun punto físico de denuncia accesible a calquera persoa con información necesaria.	Creación do equipo ACAE nos centros: SI/NON
		<b>3.</b> Deseño do <i>Punto Laranxa contra o Acoso Escolar</i> virtual que todos os centros educativos sostidos con fondos públicos deberán incorporar á súa páxina web, co mesmo obxectivo que o punto físico	Deseño web do punto: SI/NON Número de centros que o incorporaron:
		<b>4.</b> Creación de puntos xuvenís de información de carácter itinerante	Creación destes puntos: SI/NON
	<b>Obxectivo 4</b>  <i>Favorecer dinámicas áxiles e accesibles para a comunicación de posibles situacións de acoso e ciberacoso escolar</i>	<b>1.</b> Creación dunha sección no espazo web de convivencia na que se manterá actualizada unha recompilación de materiais e recursos de interese neste ámbito	Creación da sección web: SI/NON Número de centros que a incorporaron:
		<b>2.</b> Elaboración de guías de lectura de literatura infantil e xuvenil nas que se traten temas relacionados co acoso e o ciberacoso escolar	Elaboración destas guías: SI/NON Número de guías:
		<b>3.</b> Deseño e elaboración dunha guía de recomendacións para o uso seguro e responsable de internet	Deseño e elaboración da guía: SI/NON

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	ACCIÓNS	INDICADORES
<b>Liña 4</b>  Formación do profesorado para lograr un perfil docente que contribúa a identificar e abordar o acoso e o ciberacoso escolar	<b>Obxectivo</b>  <i>Fortalecer a adquisición de ferramentas para previr o acoso escolar nas aulas e nas contornas escolares</i>	<b>1.</b> Reforzo das actividades de formación do profesorado neste ámbito no marco do Plan Anual de Formación do Profesorado	Reforzo destas actividades: SI/ NON Número de actividades: Número de docentes participantes:
		<b>2.</b> Oferta de formación especializada aos docentes no asesoramento e na atención ás vítimas por parte da Administración de xustiza	Oferta desta formación: SI/NON Número de actividades: Número de docentes participantes:
		<b>3.</b> Acceso a profesionais especializados neste ámbito no eido xudicial e dispoñibilidade de material formativo en relación coa erradicación da violencia sobre menores e adolescentes	Acceso a estes profesionais: SI/ NON Número de profesionais: Dispoñibilidade deste material: SI/NON
		<b>4.</b> Formación específica aos integrantes do <i>Equipo de Actuación contra o Acoso Escolar</i> constituído nos centros educativos ao abeiro do novo <i>Protocolo Educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar</i> . Esta formación estará orientada á tramitación do procedemento incluído neste protocolo: xestión das denuncias, reunións coas persoas implicadas, investigación dos feitos, así como calquera outra que se recolla	Formación específica para o equipo ACAE: SI/NON Número de actuacións: Número de docentes participantes:
		<b>5.</b> Formación específica para equipos directivos e inspección educativa no ámbito da súa actuación en casos de acoso e ciberacoso escolar	Formación específica para equipos directivos: SI/NON Número de accións formativas: Número de equipos participantes: Formación específica para a inspección educativa: SI/NON Número de accións formativas: Número de inspectores/as participantes:
		<b>6.</b> Formación específica para os coordinadores e as coordinadoras de bienestar emocional para a mellora no desenvolvemento das súas funcións	Formación específica para estes/as coordinadores/as: SI/ NON Número de accións formativas: Número de participantes:
		<b>7.</b> Formación específica para o exercicio da función titorial dos centros educativos ofrecida a través do Plan Anual de Formación do Profesorado	Formación específica deste tipo: SI/NON Número de accións formativas: Número de docentes participantes:

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	ACCIÓNS	INDICADORES
<b>Liña 5</b>  Deseño e desenvolvemento de iniciativas que contribúan a pór freo a estas situacións nos centros educativos	<b>Obxectivo</b>  <i>Revisar e actualizar a normativa vixente co fin de conseguir una convivencia positiva nos centros educativos, no ámbito da tolerancia cero a todo tipo de acoso</i>	<b>1.</b> Publicación do novo protocolo de acoso e ciberacoso escolar que facilite aos centros educativos un procedemento práctico e accesible para detectar e intervir inmediatamente tras o coñecemento dunha posible situación de acoso ou ciberacoso escolar	Publicación do novo protocolo: SI/NON
		<b>2.</b> Elaboración de instrucións dirixidas aos centros educativos relacionadas co desenvolvemento do protocolo	Elaboración das instrucións: SI/NON
<b>Liña 6</b>  Deseño e desenvolvemento de iniciativas que contribúan a pór freo a estas situacións nos centros educativos	<b>Obxectivo 1</b>  <i>Fomentar activamente a interacción cos sistemas que colaboran na erradicación de calquera forma de acoso</i>	<b>1.</b> Creación dunha comisión de seguimento institucional para o impulso das accións recollidas neste plan	Creación da comisión de seguimento: SI/NON Impulso das accións: SI/NON
		<b>2.</b> Reforzo dos espazos compartidos de intervención entre o sistema educativo, o sistema sanitario e o social para posibilitar unha resposta efectiva ante posibles situacións de conflito	Reforzo destes espazos compartidos: SI/NON Número de espazos:
	<b>Obxectivo 2</b>  <i>Facilitar unha actuación coordinada entre as administracións para garantir que as vítimas reciban o apoio e a protección que precisen</i>	<b>1.</b> Difusión e asesoramento sobre a asistencia xurídica gratuita nos procedementos que se sigan por violencia contra menores de idade, incluíndo a posibilidade de acompañamento letrado inicial na práctica das primeiras dilixencias ás persoas menores de idade vítimas de situacións de violencia	Difusión e asesoramento desta asistencia xurídica gratuita: SI/NON Número de actuacións:
		<b>2.</b> Oficina de atención ás vítimas como ferramenta fundamental de apoio na prestación de asistencia social e psicolóxica. Están dotadas de persoal especializado como psicólogos/as e traballadores/as sociais	Creación desta oficina: SI/NON Dotación de persoal especializado: SI/NON Número de actuacións:

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	ACCIÓNS	INDICADORES
<b>Liña 6</b>  Deseño e desenvolvemento de iniciativas que contribúan a pór freo a estas situacións nos centros educativos	<b>Obxectivo 2</b>  <i>Facilitar unha actuación coordinada entre as diferentes administracións para garantir que as vítimas reciban o apoio e a protección que precisen</i>	<b>3.</b> Definición do proceso asistencial para a atención á saúde mental dos nenos e das nenas vítimas de acoso escolar. Garantirase que os menores que fosen identificados dentro dos protocolos dos servizos de educación reciban unha atención preferente en saúde mental infanto-xuvenil, no que se refire tanto ao proceso diagnóstico como á intervención terapéutica ou o tratamento	Definición deste proceso asistencial: SI/NON Atención preferente a estes/as menores: SI/NON Número de actuacións:
		<b>4.</b> Intervencións de carácter psicoeducativo dirixidas a persoas acosadoras encamiñadas á modificación da conduta e á restitución das vítimas	Intervencións coas persoas acosadoras: SI/NON Número de intervencións:
		<b>5.</b> Promoción do servizo de asesoramento xurídico e orientación gratuíto para as vítimas de situacións de violencia	Promoción deste servizo: SI/NON Número de actuacións:
		<b>6.</b> Deseño de actividades de formación específica para persoal non docente que formen parte da comunidade educativa	Deseño destas actividades de formación: SI/NON Número de actividades formativas: Número de persoas participantes:
<b>Liña 7</b>  Avaliación e seguimento das medidas do plan	<b>Obxectivo 1</b>  <i>Revisar a efectividade dos obxectivos e das actuacións</i>	<b>1.</b> Realización dunha comparativa dos datos do Informe de Diagnose da Convivencia Escolar 2023 e 2025	Realización desta comparativa: SI/NON
		<b>2.</b> Deseño dunha ferramenta que permita a detección de situacións de acoso e ciberacoso escolar nos centros educativos	Deseño desta ferramenta: SI/NON Número de centros usuarios:
	<b>Obxectivo 2</b>  <i>Deseñar propostas de mellora</i>	<b>1.</b> Análise dos resultados obtidos despois da avaliación do plan, e implementación de novas iniciativas	Análise dos resultados: SI/NON



## 6. Bibliografía



- **Avilés, J. M.** 2015. *Proyecto Antibullying. Prevención del bullying y el ciberbullyng en la comunidad educativa*. Madrid: CEPE.
- **Bisquerra, R.** (coord). 2014. *Prevención del acoso escolar con educación emocional*. Bilbao: Desclée de Brouwer
- **De Vicente Abad, J.** 2021. *Convivencia restaurativa: Aprender a convivir y a construir entornos de aprendizaje seguros*. SM.
- **Ministerio de Educación y Formación Profesional** 2023. *Estudio Estatal sobre la Convivencia Escolar en los Centros de Educación Primaria*. Equipo IMECA-UAH, Universidad de Alcalá, Ministerio de Educación y Formación Profesional y Observatorio Estatal de la Convivencia Escolar.
- **Ministerio de Educación y Formación Profesional** 2020. *PISA 2018. Competencia Global*. Secretaría General Técnica. Subdirección General de Atención al ciudadano, documentación y publicaciones. Madrid. ISBN: 978-84-369-5967-3. <https://sede.educacion.gob.es/publiventa/pisa-2018-competencia-global-informe-espanol/organizacion-y-gestion-educativa/24677>
- **Piñuel, I. & Cortijo, O.** 2016. *Cómo prevenir el acoso escolar. La implantación de protocolos antibullying en los centros escolares: una visión práctica y aplicada*. CEU ediciones.
- **Programa KIVA**. <https://www.kivaprogram.net/>
- **Revista de Estudios de Juventud** 115. *Jóvenes: bullying y ciberbullying*. Outubro, 2017 Coordinadores: Benjamin Ballesteros y Leticia Mata. Fundación ANAR (Ayuda a Niños y Adolescentes en Riesgo)
- **Serrano, A.** (ed.). 2006. *Acoso y violencia en la escuela. Cómo detectar, prevenir y resolver el bullying*. Barcelona: Ariel
- **Xunta de Galicia**. 1999. *Guía para a detección de maltrato infantil*.
- **Xunta de Galicia** 2011. *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*.
- **Xunta de Galicia** 2023. *Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025*. Ed. Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades.



XUNTA  
DE GALICIA